



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 4 DE ABRIL DO 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día catro de abril de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez e Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don Emilio J. Cuiñas Otero.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 28 de marzo do dous mil once (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicacion, con data RE 23 de marzo de 2011 N° RE 1474, mediante a que se formula reclamación previa a via xudicial como consecuencia de cantidades adeudadas durante os anos 2006 a 2010 a entidade mercantil Ascensores As Burgas.

DEVOLUCIÓN DE FIANZA.-

Vista a solicitude efectuada por Don Francisco Carballal Fernández relativa a devolución de fianza.

Visto o informe da polica local de data 29 de marzo de 2011.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes acorda autorizar a devolución da fianza solictada, e dar traslado do acordo ao departamento de tesoureria.

ACOMETIDAS DE AUGA.-



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

1.-“Visto o escrito presentado por **Don Miguel Lopez Trabazos**, con domicilio en Santa Cristina, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

2.- “Visto o escrito presentado por **Dona Patricia Soto Alvarez**, con domicilio na rua Salgado Moscoso, 26, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que sera supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fara aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficara nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal de taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamen que se lle comunique este acordo a empresa concesionaria do servizo”.

3.- “Visto o escrito presentado por **Don Jose Antonio Fernández Torres**, con domicilio na rua Trav. Pouso, 6, do lugar de Francelos, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que sera supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fara aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficara nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo, 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamen que se lle comunique este acordo a empresa concesionaria do servizo”.

4.- Visto o escrito presentado por **Dona Lorena Francisco Sánchez**, con domicilio na rua Ribeiro, 50, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que sera supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fara aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficara nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamen que se lle comunique este acordo a empresa concesionaria do servizo”.

CONEXIÓN A REDE DE ABASTECIMENTO

Vista a solicitude efectuada por Don José Vazquez Fidalgo relativa a conexión da rede de abastecemento e saneamento.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Visto o informe técnico de data 01 de abril de 2011.

Visto que mediante acordo de Xunta de Goberno de data 02 de novembro de 2010 se lle deu licenzia de obras para vivenda unifamiliar, A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes acorda autorizar a conexión solicitada a rede de abastecemento e saneamento, para o cal se lle deberán pedir a empresa Aqualia as condicións para a citada conexión

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

1.- “Solicitud de información urbanística interesada por **Dona Isolina Fernandez Mosquera**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Alejandro Ferrer nº 1, Barral, Castrelo de Miño, con número de rexistro de entrada 1013. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 31.03.11.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Carretera Veronza o Xestal nº 73 (Ref. Catastral 1234839NG7813S0001AE), a solicitude de **Dona Isolina Fernandez Mosquera**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

2.- “Solicitud de información urbanística interesada por **Dona Agueda Rodriguez Dominguez** , con domicilio a efectos de notificación na Rúa Rosalia de Castro nº 2, Ribadavia, con número de rexistro de entrada 1012. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 31.03.11.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Rúa Cano nº 10 (Ref. Catastral 9411517NG6891S0001LS), a solicitude de **Dona Agueda Rodriguez Dominguez**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

3.- Solicitud de información urbanística interesada por **Don Manuel Garcia Carrera** , con domicilio a efectos de notificación na Rúa Irmáns Alvarez nº 3 Ribadavia, con número de rexistro de entrada 1680, proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 4.4.11.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Rúa Irmáns Alvarez nº 15-17-19-21 (Ref. Catastral 12293/03 e 12293/15), a solicitude de **Don Manuel Garcia Carrera** , de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Deputación Provincial de Ourense con data RE 1 de abril de 2011 N° RE 1659,, relativo a remisión de convenios de colaboración sobre diferentes materias.
2. Comunicación da Deputación Provincial de Ourense, relativo a organización de xornadas de folclore no concello de Ribadavia
3. Comunicación da SGAE, con data RE 31 de marzo de 2011 N° RE 1628, mediante a que se formula reclamación previa como consecuencia de cantidades adeudadas durante os anos 2008 2010.
4. Comunicación do Ministerio de Política Social e Xuventude, relativo a concesión de subvención polo importe de 22.123 euros.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DE PADRÓN.-

Vista a Comunicación, con data RE 30 de marzo de 2011 N° RE 1598, mediante a que se presenta o padrón do alcantarillado do ano 2009

Vista a Comunicación, con data RE 30 de marzo de 2011 N° RE 1599, mediante a que se presenta a corrección ao padrón do alcantarillado dos anos 2006,2007 e 2008.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus asistentes acorda a aprobación do padrón do alcantarillado do ano 2009, e as modificacións dos anos 2006, 2007 e 2008

AMPLIACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN.-

Vista a proposta do Director do Servicio Municipal de Deportes relativa a ampliación do convenio de colaboración asinado ca entidade Ribadavia Atletico, A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a súa ampliación

CONVENIO DE COLABORACIÓN.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento do Convenio de Colaboración suscrito entre o concello e a Escola de Música Tradicional do Ribeiro, autorizando ao Sr.Alcade para a súa sinatura.

RETIRADA DE LIBROS.-

Vista a proposta do concelleiro de Cultura sobre retirada de libros da biblioteca, A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus asistentes autorizar a mesma.

NOMEAMENTO DE ABOGADO.-



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus asistentes nomear como letrado no procedemento ordinario nº 08/2011 e no procedemento ordinario 300/2008, ante o Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Ourense a Don Ángel Pazos Huete.

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

ORDE DE 4 DE MARZO DE 2011 POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A CONCESION DE SUBVENCIONS AS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A PROMOCION DO USO DA LINGUA GALEGA.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, o abeiro da Orde do 4 de marzo de 2011, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións as entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega ,acorda acollerse a devandita Orde e solicitar a correspondente subvención a Secretaria Xeral de Política Lingüística, aceptando as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na presente Resolución”.

ORDE DO 17 DE MARZO DE 2011 POLA QUE SE REGULAN AS BASES QUE REXERAN AS SUBVENCIONS DIRIXIDAS A CONCELLOS E MANCOMUNIDADES DE MUNICIPIOS PARA O FOMENTO E REALIZACION DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO.-

“Vista a Orde de 17 de Marzo de 2011 pola que se regulan as bases polas que rexeran as subvencións dirixidas a Concellos e Mancomunidades de Municipios para o fomento e realización de actividades de, publicada no DOGA nº 64, de 31 de marzo de 2011. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención destinada o fomento e realización de actividades de voluntariado, de acordo co artigo 6.3.d) da Orde.

Segundo.- Acollerse a devandita Orde, asumindo o cumprimento das condicións recollidas na mesma e remitindo a correspondente solicitude coa documentación sinalada no artigo 6 da mesma”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.